

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Resolución da alcaldía núm.: 211/2023

De acordo co prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, para realización das obras de: “Rehabilitación e acondicionamento do local municipal O Centro de Meira”, e unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas (21-03-2023).

De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 1/1999 de 21 de abril; polo presente,

RESOLVO:

Primeiro: que segundo o disposto no punto 17.-mesa de contratación, dos pregos de cláusulas administrativas, procede nomear aos membros da mesa de contratación, que estará integrada por:

-Presidente/a: Agustín Méndez Moirón (Concelleiro e Primeiro Tenente de Alcalde deste concello)

-Vogais:

-Jesús Bouza Fernández (arquitecto municipal)

-Pilar Rozas Alonso (secretaria-interventora accidental deste concello)

-Manuel Carramal Silva (funcionario de Administración Local)

Secretaria: Mercedes Fernández Moirón (funcionaria deste concello)

A mesa de contratación no poderá actuar o constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

A mesa de contratación actuará de acordo a os pregos de cláusulas administrativas que rexerá a convocatoria, quedando facultada para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Segundo: publicar a composición da mesa de contratación no taboleiro de anuncios, páxina web do concello e no perfil do contratante.

Terceiro: de acordo co punto 18. dos pregos, a mesa de contratación reunirse o día **19 de abril de 2023 ás 12:00 horas** no concello de Meira, procedendo en primeiro lugar ao exame da documentación incluída no sobre “A” relativa á documentación administrativa e documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, en sesión non pública.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Si se observase defectos materiais na documentación presentada procederá a efectuar un requirimento que permita ao licitador emendar ou corrixir a deficiencia detectada.

Cualificada a documentación administrativa e emendados no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, a mesa de contratación pronunciarase expresamente sobre as licitadoras ou licitadores admitidos, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Unha vez efectuada a proposta de cualificación dos sobre “A” a mesa fixará o día e hora da apertura dos sobre “B”, en acto público.

Decreta, manda y firma el señor alcalde, ante mi la secretaria-interventora accidental.

Meira, 13 de abril de 2023

A secretaria accidental
Pilar Rozas Alonso

O Alcalde
Antonio de Dios Alvarez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

